



A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2013

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2013

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia
Santiago de Compostela
2013



INTRODUCCIÓN	6
METODOLOXÍA DO ESTUDO	7
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC	8
I.1. Demografía empresarial do sector TIC galego	9
I.2. Emprego no sector TIC	17
I.2.1. Distribución de funcións e titulacións do persoal nas empresas TIC	22
I.2.2. Demanda de Traballadores /as	25
I.3. Contribución do sector TIC á economía galega	27
I.4. Certificación de calidade e competitividade	33
I.5. En síntese	34
II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN	37
II.1. Actividades de I+D+i	38
II.2. Innovacións introducidas nos tres últimos anos	43
II.3. Solicitude de patentes	50
II.4. En síntese	52
III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	53
III.1. Equipamento tecnolóxico	54
III.2. Sistemas informáticos	58
III.3. Internet	76
III.3.1. Equipamento	76
III.3.2. Utilización e servizos empregados en internet	84
III.4. Páxina web	91
III.5. Redes sociais	97
III.6. En síntese	103
IV. COMERCIO ELECTRÓNICO	106
IV.1. Compras	107
IV.2. Vendas	111
IV.3. En síntese	116
V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC	117
V.1. Formación	118

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

V.2. Axudas para o desenvolvemento TIC	124
V.3. En síntese	125
VI. PERCEPCIÓN ACTUAL E PROSPECTIVA DE MERCADO	127
VI.1. Situación actual	128
VI.2. Perspectivas futuras	131
VI.3. En síntese	134
ANEXO I	135

INTRODUCCIÓN

Neste informe amósanse os resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia” elaborada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA). Este estudo foi elaborado polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, proxecto que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O estudo recolle a situación no ano 2013 con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados coa información e as comunicacións nas empresas TIC galegas:

- Caracterización e información económica das empresas TIC.
- Actividades I+D+i, innovacións organizativas, comerciais, de produtos e de procesos TIC.
- Equipamentos TIC, servizos empregados a través de Internet e dispoñibilidade de páxina web e redes sociais.
- Comercio electrónico
- Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.
- Percepción actual e prospectiva de mercado


METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

O presente estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre as empresas TIC galegas atendendo aos criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos clasificatorios (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)¹
- **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 482 entrevistas a empresas relacionadas coas TIC.
- **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4\%$.
- **Traballo de campo:** do 1 de abril ao 18 de xuño de 2013.

¹ No Anexo expónse a información do CNAE 2009 que comprende cada grupo.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC



O sector TIC en Galicia:

- ☞ O número de empresas subiu ata as 2.029, cun crecemento do 2,7% no último ano.
- ☞ O número de traballadores/as do sector TIC en Galicia é de 15.144.
- ☞ O volume de negocio superou os 2.240 millóns de euros no ano 2012.


I.1 Demografía empresarial do sector TIC galego

- ☞ O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2013 é de 2.029 empresas, experimentando un crecemento do 2,7% no período 2012 – 2013. En España, o incremento neste indicador foi dun 1,9%.
- ☞ Galicia pasa a ser a quinta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC, mellorando a sexta posición do ano anterior.
- ☞ O 51,8% das empresas TIC galegas dedícase a actividades informáticas.
- ☞ O 53,7% das empresas TIC de Galicia non ten asalariados/as (1.089 empresas) , e o 40,9% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (831 empresas).
- ☞ Un 65% das empresas TIC pertence ao grupo das Sociedades e outras formas xurídicas, mentres que o grupo das Persoas físicas representa o 35%.
- ☞ As empresas TIC ubícanse maioritariamente nas provincias da Coruña e Pontevedra (48,1% e 35,6% respectivamente).
- ☞ O 7% das empresas TIC galegas pertence a un grupo empresarial.

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

No ano 2013 o número de empresas galegas do sector TIC² ascende a 2.029 empresas, posicionando a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC, mellorando o sexto posto que ocupaba o ano anterior e confirmando a tendencia de que é unha área estratéxica do desenvolvemento económico e social de Galicia.

G.1. NÚMERO DE EMPRESAS TIC POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ANO 2013



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2013

A cifra de empresas do sector TIC polo tanto posúe unha tendencia alcista, cun cremento do 2,7% no período 2012 – 2013. En España, o incremento de empresas deste sector foi dun 1,9% (de 50.476 no 2012 a 51.450 empresas TIC no ano 2013).


² Nota metodolóxica: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e outros servizos TIC (Publicacións TIC -58.21 e 58.29- e reparación de ordenadores -95.11, 95.12-).

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC

Comparación Galicia e España

(nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2010-2013

A distribución das empresas do sector TIC galegas segundo a actividade á que se adican (CNAE 2009) segue amosando unha maior concentración no subsector da “Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática”, que experimenta un incremento de 54 empresas no último ano. Tamén cabe salienta un incremento de 19 empresas no subsector da “Reparación de ordenadores e equipos de comunicación”.

C.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR TIC GALEGAS SEGUNDO A ACTIVIDADE CNAE 2009. ANO 2013

Actividades CNAE 2009	Número de empresas	
	2013	2012
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	10	11
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	35	37
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	12	13
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	1	2
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	200	194
58.2 Edición de programas informáticos	66	50
61.1 Telecomunicacións por cable	26	30
61.2 Telecomunicacións sen fíos	8	3
61.3 Telecomunicacións por satélite	17	21
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	82	85
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	843	789
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	209	240
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	520	501


Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2013

Agrupando segundo grandes grupos de actividade CNAE:

- Manufactureiras TIC (26.1 26.2, 26.3, 26.4, 26.8)
- Comerciais TIC (46.5)
- Telecomunicacións (61.1, 61.2, 61.3, 61.9)
- Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.0, 63.1)
- Outros servizos TIC (Edición de programas informáticos -58.2- e reparación de ordenadores -95.1-).

As actividades informáticas (51,8%) seguen sendo as de maior presenza en Galicia, xunto coas que prestan outros servizos TIC relacionados. As menos numerosas na nosa Comunidade son as manufactureiras cun 2,9%.

G.3. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAES




Fonte: elaboracion do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2013

Tendo en conta o número de empregados/as do sector TIC, un 53,7% non ten asalariados/as (1.089), mentres que un 40,9% (831) ten de 1 a 9 asalariados/as.

No período 2012 – 2013 incrementouse o número de empresas galegas do sector TIC que tiñan de 1 a 2 asalariados/as, 101 empresas máis que no ano anterior.

**G.4. EMPRESAS DO SECTOR TIC SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS /AS
GALICIA. ANOS 2012-2013**

(nº de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2012 e 2013

No conxunto do Estado, un 58% non ten asalariados/as (29.846 empresas) e un 35,3% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (18.165 empresas).

Tendo en conta a condición xurídica, priman as Sociedades e outras formas xurídicas (65,0%), mentres que un terzo das empresas TIC adoptan a condición xurídica de Persoas físicas (35,0%).

G.5. CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2011

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Tendo en conta a ubicación da sede, as empresas TIC teñen unha maior presenza nas provincias da Coruña e Pontevedra (48,1% e 35,6% respectivamente), mentres que en Ourense e Lugo teñen unha porcentaxe moi inferior (8,1% e 8,2%).

G.6. UBICACIÓN DA SEDE

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2011

Analizando a composición do seu capital e da situación dos centros produtivos, un 93,2% das empresas TIC de Galicia decláranse galegas, e un 3,5% son estatais con sede na nosa Comunidade.

G.7. TIPO DE EMPRESA POLA UBICACIÓN DO CAPITAL E DOS CENTROS PRODUTIVOS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A maior parte das empresas TIC galegas non forman parte de ningún grupo empresarial (93%), mentres que o 7% restante si pertencen a algún.

G.8. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I. 2 Emprego no sector TIC

- ☞ Os empregados/as do sector TIC en xuño de 2013 acadaron os 15.144 traballadores/as. A pesar da actual conxuntura económica, mantense a tendencia de estar por riba dos 15.000 traballadores/as desde o ano 2010.
- ☞ O emprego no sector é do 1,7% do total de afiliacións á Seguridade Social en Galicia, 15.144 traballadores/as fronte a un total de 915.566 afiliacións. Esta proporción aumentou unha décima con respecto a anos anteriores
- ☞ A pertenza ao réxime xeral de cotización da Seguridade Social é dun 77,9%, mentres que un 22,1% son traballadores/as autónomos.
- ☞ A proporción de homes que traballan no sector TIC é dun 62,5% (9.461) fronte ao 37,5% de mulleres (5.683). Tendo en conta os postos directivos, hai un 8,7% de homes en Dirección de empresas TIC fronte un 2,2% de mulleres directivas.
- ☞ A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector TIC (55,7%) e Pontevedra un 29,6%.
- ☞ Un 41,6% de traballadores/as das empresas TIC galegas adícanse ás Actividades Informáticas. As empresas de Telecomunicacións concentran o 30% do persoal e as de Outros Servizos TIC o 18,5%.
- ☞ Un 47,1% dos traballadores/as do sector TIC ten titulación TIC de grao superior ou medio, mellorando a especialización dos profesionais TIC galegos (ano 2012: 38,2%). A distribución do persoal con esta titulación TIC por xénero é: 33,7% homes con titulacións superiores ou medias en TIC e 13,4% de mulleres co mesmo nivel de estudos.
- ☞ O 4,7% das empresas TIC galegas con traballadores/as ten persoal contratado con algunha discapacidade.
- ☞ Para un 33,3% das empresas TIC, é difícil ou moi difícil atopar o perfil que precisan á


hora de contratar persoal con formación TIC.

O avance dos datos facilitados polo IGE correspondentes á xuño de 2013 indica que o emprego do sector TIC acada os 15.144 traballadores/as. A evolución interanual do emprego no sector mostra unha lixeira tendencia descendente. Non obstante, a pesar da actual conxuntura económica, o nivel de emprego do sector TIC mantense por riba da barreira dos 15.000 traballadores/as durante os últimos catro anos.

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empregados/as do sector TIC Evolución Galicia 2010-2013

(nº de traballadores / as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2010-2012 e xuño 2013

Segundo os datos correspondentes ao avance de xuño do ano 2013, do total de traballadores do sector TIC de Galicia, un 77,9% pertencen ao réxime xeral de cotización da Seguridade Social (11.798 asalariados/as) e un 22,1% son traballadores/as autónomos (3.346 autónomos). Isto debuxa unha distribución semellante ao ano 2012 (77,8% réxime xeral – 22,2% autónomos)

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector TIC segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.


C.2. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O RÉXIME DE COTIZACIÓN. ANOS 2010-2013

Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Media 2010	12.131	3.720	15.851
Media 2011	12.301	3.554	15.855
Media 2012	12.032	3.442	15.473
Avance xuño 2013	11.798	3.346	15.144

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño / decembro 2010-2012 e xuño de 2013

As mulleres manteñen unha situación minoritaria nas empresas TIC. En xuño de 2013, no sector TIC traballaban 5.683 mulleres fronte a 9.461 homes, que en porcentaxes supón o 37,5% de mulleres fronte ao 62,5% de homes. Esta proporción é moi semellante á do ano 2012 (38% de mulleres e 62% de homes)


G.10. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O SEXO. AVANCE XUÑO 2013



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Avance xuño de 2013.

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector TIC, con 8.429 traballadores/as do sector TIC, que representan o 55,7% do total de emprego deste sector. A continuación, sitúase Pontevedra con 4.476 traballadores/as, un 29,6% do total do emprego do sector TIC.

G.11. EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. AVANCE XUÑO 2013




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Avance xuño de 2013.

O emprego do Sector TIC en xuño de 2013 é do 1,7% do total de afiliacións á Seguridade Social en Galicia, 15.144 traballadores /as fronte a un total de 915.566 afiliacións. Esta proporción aumentou unha décima con respecto a anos anteriores.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

TAXA DE EMPREGO DO SECTOR TIC RESPECTO DO TOTAL DE OCUPADOS/AS PERÍODO 2010-2013

(% sobre o total de afiliacións a Seguridade Social en Galicia)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Un 41,6% de traballadores/as das empresas TIC galegas adócanse ás Actividades Informáticas. As empresas de Telecomunicacións concentran o 30% do persoal e as de Outros Servizos TIC o 18,5%.

G.13. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DAS EMPRESAS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

I.2.1. Distribución de funcións e titulacións do persoal nas empresas TIC

A seguinte táboa analiza a función dos traballadores/as, amosando que un 64% do persoal adícase a tarefas relacionadas directamente coas TIC.

Se temos en conta o xénero do persoal asignado as distintas tarefas, vemos como hai unha clara maioría masculina nas tarefas TIC, destacando a porcentaxe de homes (46,4%) fronte ao 17,6% de mulleres adicadas ás TIC. Na área de Dirección, a presenza de homes cuadruplica á de mulleres.

C.3. DISTRIBUCIÓN DAS FUNCIÓNS DOS TRABALLADORES SEGUNDO O XÉNERO


FUNCIÓN DOS TRABALLADORES/AS	SEXO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Dirección	8.7	2.2	10.9
PERSOAL ADICADO Á TAREFAS TIC	46.4	17.6	64.0
PERSOAL NON ADICADO Á TAREFAS TIC	14.5	10.5	25.0

Base: empresas TIC con empregados por conta allea ou propia
Fonte: OSIMGA

Un 47,1% dos traballadores/as do sector TIC ten titulación TIC de grao superior ou medio e un 23,2% conta con ciclos formativos TIC superiores ou medios, mellorando a especialización dos profesionais TIC galegos.

G.14. DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES TIC SEGUNDO A SUA FORMACIÓN

(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A formación dos homes en titulacións superiores ou medias relacionadas coas TIC é do 33,7%, mentres que as mulleres que teñen este mesmo nivel de estudos é do 13,4%.

G.15. TAXA DE FORMACIÓN MEDIA O SUPERIOR ESPECÍFICA EN TIC'S

(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


C.4. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS TITULACIÓNS DE TRABALLADORES / AS

Titulacións	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar)	22.6	9.7	32.3
Titulación TIC Media (Enxeñaría técnica en Informática ou similar)	11.1	3.7	14.8
Titulacións superiores ou medias non TIC	6.8	5.5	12.3
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	16.1	3.3	19.4
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	3.0	0.8	3.8
Outras	6.1	5.0	11.1
Descoñece a titulación	4.1	2.3	6.4

Base: total de traballadores / as das empresas TIC
 Fonte: OSIMGA

A presenza de persoal con algún tipo de discapacidade é moi reducida nas empresas TIC, e acada só ao 4,7% das empresas TIC que contan con traballadores/as por conta propia e/ou allea.

G.16. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




Base: empresas TIC con traballadores /as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

I.2.2. Demanda de traballadores /as

Para un 33,3% das empresas TIC, é difícil ou moi difícil atopar o perfil que precisan á hora de contratar persoal con formación TIC, fronte ao 37,8% que o considera doado ou moi doado.

G.17. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia)



Fonte: OSIMGA

En relación á actividade, as empresas de actividades informáticas son as que atopan maiores dificultades para atopar o perfil en TIC que buscan e as comerciais TIC ou as de Outros servizos as que menos.

C.5. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE


Dificultade para atopar o perfil en Tic	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Nunca precisou contratalo	77.8	21.4	25.9	7.5	20.9	16.9
Moi Difícil	0.0	3.6	11.1	11.5	9.3	9.3
Difícil	16.7	16.1	14.8	31.6	11.6	24
Doado	5.6	33.9	25.9	35.1	39.5	33.1
Moi doado	0.0	5.4	0.0	4.0	11.6	4.7
Ns / Nc	0.0	19.6	22.2	10.3	7.0	12
N	18	56	27	174	43	318

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

A maior dificultade coa que se enfrentan as empresas TIC galegas para contratar novo persoal é a falta de candidatos que posúan a formación específica que precisan.

G.18. TIPO DE DIFICULTADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia que atopan difícil ou moi difícil contratar novo persoal)



Fonte: OSIMGA

I.3. Contribución do sector TIC á economía galega

- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego superou os 1.149 millóns de euros no ano 2011, o que representou o 2,0% do PIB de Galicia.
- ☞ O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.240 millóns de euros no ano 2012, unha cifra lixeiramente superior á do ano 2011 (2.234 millóns de euros).
- ☞ Un 82,7% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 13,9% ao resto de España.
- ☞ Os principais clientes das empresas TIC galegas son outras empresas (61,4%) e os particulares (13,9%).

Tomando como referencia os últimos datos provisionais proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o valor engadido bruto (VEB)³ do sector TIC galego superou os 1.149 millóns de euros no ano 2011, o que representou o 2,0% do PIB de Galicia.


³ **Definición:** Na economía empresarial, o **valor engadido dunha empresa (VEB)** é a diferenza entre o importe das vendas da empresa e as compras feitas a outras empresas sen incluír a depreciación do capital fixo durante o período.

A magnitude, a nivel macroeconómico, o que fai realmente é o sumatorio do valor agregado por todas as empresas dun país. O Valor Engadido Bruto é a macromagnitud económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo.

O Valor Engadido Bruto garda unha estreita relación co PIB. O PIB obtense despois de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción

G.19. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN GALICIA


(miles de euros)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

G.20. CONTRIBUCIÓN DO SECTOR TIC Á ECONOMÍA GALEGA

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB DE GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE


No conxunto de España, o valor engadido bruto do sector TIC superou os 33.195 millóns de euros en 2011, o que representou o 3,12% do PIB de España.

C.6. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN MILES DE EUROS

Valor Engadido Bruto	Año 2009	Año 2010 (provisional)	Año 2011 (provisional)
	Galicia	1.316.753	1.225.428
España	35.071.941	33.781.276	33.195.119

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB DE GALICIA




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE para Galicia, dos Indicadores do sector TIC que publica o INE para España e da Contabilidade Nacional de España.

A continuación, amósase a evolución do volume de negocio do conxunto das empresas TIC galegas, é dicir, o volume de vendas (sen computar o IVE) acadado polas empresas durante un exercicio anual.

O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.240 millóns de euros no ano 2012, cun aumento do 0,3% con respecto ao ano 2011.

G.22. ESTIMACIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO

(millóns de euros)



Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

Un 82,7% do volume de negocio das empresas TIC en Galicia corresponde a clientes galegos. En canto ao tipo de clientes, o 61,4% son empresas, o 13,9% son particulares e o 10,4% son profesionais.

C.7. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2012 SEGUNDO O EMPRAZAMENTO DOS CLIENTES

% de distribución xeográfica da cifra de negocio

Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
82.7	13.9	1.8	1.1

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA


C.8. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2012 SEGUNDO O TIPO DE CLIENTES

% de distribución por clientes da cifra de negocio					
Xunta de Galicia	Concellos e deputación galegas	Administración Pública non galega	Empresas	Profesionais	Particulares
6.4	4.9	2.1	61.4	10.4	13.9

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I.4. Certificacións de calidade e competitividade

- ☞ O 14,2% das empresas TIC galegas posúe unha certificación de calidade, experimentando un incremento de 1,1 puntos porcentuais no período 2010-2013.
- ☞ A maior porcentaxe de empresas tecnolóxicas que teñen este tipo de certificacións adócanse ao sector servizos TIC.



A porcentaxe de empresas TIC galegas que dispoñen de certificación de calidade é do 14,2%, experimentando un leve incremento respecto ao ano 2010.

C.9. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Certificación de calidade	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	8.0	13.9	11.8	14.6	15.9	14.1
Non	92.0	79.7	85.3	78.3	76.2	79.5
Ns / Nc	0.0	6.3	2.9	7.1	7.9	6.4
N	25	79	34	281	63	482

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas de maior tamaño son as que en maior medida posúen certificacións de calidade, e así, o 61,3% das que teñen 10 ou máis traballadores/as dispón dela, fronte ao 10,9% das de menos de 10 asalariados/as.

C.10. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Certificación de calidade	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	10.9	61.3	14.1
Non	82.2	38.7	79.4
Ns / Nc	6.9	0.0	6.4
N	450	31	481

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I.5. En síntese

- ☞ O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2013 é de 2.029 empresas, experimentando un crecemento do 2,7% no período 2012 – 2013. En España, o incremento neste indicador foi dun 1,9%.
- ☞ Galicia pasa a ser a quinta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC, mellorando a sexta posición do ano anterior.
- ☞ O 51,8% das empresas TIC galegas dedícase a actividades informáticas.
- ☞ O 53,7% das empresas TIC de Galicia non ten asalariados/as (1.089 empresas) , e o 40,9% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (831 empresas).
- ☞ Un 65% das empresas TIC pertence ao grupo das Sociedades e outras formas xurídicas, mentres que o grupo das Persoas físicas representa o 35,0%.
- ☞ As empresas TIC ubícanse maioritariamente nas provincias da Coruña e Pontevedra (48,1% e 35,6% respectivamente).
- ☞ O 7,0% das empresas TIC galegas pertence a un grupo empresarial.
- ☞ Os empregados/as do sector TIC en xuño de 2013 acadaron os 15.144 traballadores/as. A pesar da actual conxuntura económica, mantense a tendencia de estar por riba dos 15.000 traballadores/as desde o ano 2010.
- ☞ O emprego no sector é do 1,7% do total de afiliacións á Seguridade Social en Galicia, 15.144 traballadores/as fronte a un total de 915.566 afiliacións. Esta proporción aumentou unha décima con respecto a anos anteriores
- ☞ A pertenza ao réxime xeral de cotización da Seguridade Social é dun 77,9%, mentres que un 22,1% son traballadores/as autónomos.
- ☞ A proporción de homes que traballan no sector TIC é dun 62,5% (9.461) fronte ao

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

37,5% de mulleres (5.683). Tendo en conta os postos directivos, hai un 8,7% de homes en Dirección de empresas TIC fronte un 2,2% de mulleres directivas.

- ☞ A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector TIC (55,7%) e Pontevedra un 29,6%.
- ☞ Un 41,6% de traballadores/as das empresas TIC galegas adícanse ás Actividades Informáticas. As empresas de Telecomunicacións concentran o 30% do persoal e as de Outros Servizos TIC o 18,5%.
- ☞ Un 47,1% dos traballadores/as do sector TIC ten titulación TIC de grao superior ou medio, mellorando a especialización dos profesionais TIC galegos (ano 2012: 38,2%). A distribución do persoal con esta titulación TIC por xénero é: 33,7% homes con titulacións superiores ou medias en TIC e 13,4% de mulleres co mesmo nivel de estudos.
- ☞ O 4,7% das empresas TIC galegas con traballadores/as ten persoal contratado con algunha discapacidade.
- ☞ Para un 33,3% das empresas TIC, é difícil ou moi difícil atopar o perfil que precisar á hora de contratar persoal con formación TIC.
- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego superou os 1.149 millóns de euros no ano 2011, o que representou o 2,0% do PIB de Galicia.
- ☞ O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.240 millóns de euros no ano 2012, unha cifra lixeiramente superior á do ano 2011 (2.234 millóns de euros).
- ☞ Un 82,7% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 13,9% ao resto de España.
- ☞ Os principais clientes das empresas TIC galegas son outras empresas (61,4%) e os

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

particulares (13,9%).

- ☞ O 14,2% das empresas TIC galegas posúe unha certificación de calidade, experimentando un incremento de 1,1 puntos porcentuais no período 2010-2013.
- ☞ A maioría das empresas tecnolóxicas que teñen este tipo de certificacións adócanse ao sector servizos TIC.

II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN



☞ O 30,5% das empresas TIC desenvolveu actividades relacionadas con I+D+i nos tres últimos anos.

☞ Incrementouse de xeito considerable a porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades I+D+i, e tamén das que obtiveron produtos comercializables.

☞ Un 28,3% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 33,8% incorporou servizos novos ou mellorados durante o período 2010-2012.

II.1. Actividades de I+D+i

- ☞ O 30,5% das empresas TIC desenvolveu actividades relacionadas con I+D+i nos tres últimos anos.
- ☞ Incrementouse un 15,1% a porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades I+D+i,.
- ☞ O 71,3% das empresas TIC que levaron a cabo actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables


O 30,5% das empresas TIC desenvolveu actividades de I+D+i nos últimos tres anos, un dato muy positivo que, en termos evolutivos, supón un incremento do 15,1% con respecto ao período anterior.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos

Evolución Galicia

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

As actividades en materia de I+D+i non alcanzan por igual a todas as empresas TIC e así, obsérvanse significativas diferenzas en función do tipo de actividade. Son as empresas dedicadas principalmente a actividades informáticas as que en maior medida desenvolven actividades deste tipo (39,5%), seguidas das manufactureiras e as comerciais, mentres que as empresas de telecomunicacións (14,7%) e outros servizos (12,7%) obteñen os peores resultados para este indicador.

C.11. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A ACTIVIDADE

Actividades I+D+i no período 2010-2012	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	28.0	20.0	14.7	39.5	12.7	30.5
Non	56.0	75.0	76.5	51.6	68.3	59.6
Ns / Nc	16.0	5.0	8.8	8.9	19.0	9.9
N	25	80	34	281	63	483

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 71,0% das empresas de 10 ou máis asalariados/as afirmaron ter desenvolvido actividades en materia de I+D+i no período 2010-2012, porcentaxe que se reduce ata o 27,7% nas empresas de menos de 10 asalariados/as, e que pon de manifesto a relevancia do tamaño da empresa para desenvolver actividades de I+D+i.

C.12. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Actividades I+D+i no período 2010-2012	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	27.7	71.0	30.5
Non	62.3	22.6	59.8
Ns / Nc	10.0	6.5	9.8
N	451	31	482

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A provincia de ubicación da sede principal da empresa introduce tamén diferenzas, de xeito que son as empresas TIC situadas na metade sur de Galicia as que en maior medida desenvolven actividades deste tipo, mentres que A Coruña e sobre todo Lugo amosan un menor índice de desenvolvemento en materia de I+D+i (29,4% e 18,8%, respectivamente).

C.13. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A PROVINCIA

Actividades I+D+i no período 2010-2012	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Si	29.4	18.8	33.3	34.5	30.5
Non	58.3	70.8	64.4	57.5	59.4
Ns / Nc	12.3	10.4	2.2	8.0	9.9
N	204	48	45	174	483


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 71,3% das empresas que levaron a cabo actividades de I+D+i nos tres últimos anos en Galicia obtivo resultados comercializables. Este dato supón un incremento de 1,8 puntos porcentuais en relación ao período anterior, e confirma a evolución positiva do indicador.

G.25. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Obtivo resultados comercializables I+D+i nos tres últimos anos

(% empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i)



Fonte: OSIMGA

As empresas TIC contan como promedio con 1,46 traballadores/as adicados a tarefas relacionadas con I+D+i, tratándose principalmente de varóns. Neste sentido, do total do persoal que se dedica a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 80,8% son varóns e o restante 19,2% son mulleres.

C.14. MEDIA DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (Nº MEDIO)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	1.18	0.28	1.46

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.15. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	80.8	19.2	100.0


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As diferenzas de xénero tenden a aumentar, incrementándose con respecto a ano anterior o número de varóns adicados a tarefas I+D+i (de 0,91 a 1,18), mentres que no caso das mulleres o número medio practicamente se mantén (de 0,26 a 0,28).

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Media de traballadores/as en I+D+i

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

II.2. Innovacións introducidas nos últimos tres anos

- ☞ Un 28,3% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 33,8% incorporou servizos novos ou mellorados durante o período 2010-2012.
- ☞ Os sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou intercambio de información, coñecementos e competencias dentro da súa empresa en primeiro lugar, e as actividades de apoio para os seus procesos en segundo termo, son as principais innovacións das empresas TIC galegas.
- ☞ Un 19,2% das empresas TIC cooperou con outras empresas en actividades de innovación, maioritariamente con socios españois.


Durante o período 2010-2012, un 28,3% das empresas TIC introduciu bens novos ou mellorados de maneira significativa, e un 33,8% fixo o propio cos servizos que oferta.

G.27. INTRODUCCIÓN DE BENS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2010-2012



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.28. INTRODUCCIÓN DE SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2010-2012




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas de actividades informáticas destacan sobre o resto tanto na introdución de bens novos e na mellora significativa dos mesmos (32,4%), como na incorporación de novidades nos servizos ou na mellora destes no período estudado (43,4%).

G.29. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NOS TRES ÚLTIMOS ANOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A introdución de innovacións garda relación directa co tamaño da empresa, de xeito que son as empresas de 10 ou máis asalariados/as as que en maior medida introduciron novidades ou melloras tanto nos bens coma nos servizos no período 2010-2012, situándose moi por riba dos valores medios.

G.30. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2010-2012 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Na análise por provincias, destacan as empresas con sede en Pontevedra, que se sitúan 3,5 puntos sobre a media no que a introdución de bens novos ou mellorados se refire, e 4,9 puntos en canto aos servizos. No extremo oposto, as empresas que teñen a sede principal en Ourense obteñen o peor dato para este criterio.

G.31. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2010-2012 SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As innovacións dos produtos introducidos nas empresas TIC no período 2010-2012 constituiron novidades para a empresa e para o seu mercado practicamente na mesma medida: o 44,7% foron novidades unicamente para a empresa e o 46,4% foron innovacións de cara ao seu mercado.

G.32. NOVIDADE DAS INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

(% empresas TIC que introduxeron na súa empresa bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2010-2012)



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Os sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información, coñecementos e competencias dentro da empresa (58,2%) e as actividades de apoio para os seus procesos (53,8%), son as principais melloras ou novidades en bens ou servizos introducidas polas empresas TIC galegas. Cabe destacar asimesmo as melloras na organización do traballo e na estrutura de xestión, así como na integración de distintos departamentos ou actividades, introducidas por practicamente a metade das empresas TIC que innovaron no período 2010-2012.


Na banda oposta, as melloras ou novidades que teñen que ver cos sistemas loxísticos ou métodos de entrega e distribución son as menos desenvolvidas, cunha porcentaxe do 17,7%.

C.16. TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS

TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS MELLORADOS	SI	NON	NS / NC
Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos	36.5	55.4	8.1
Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución	17.7	74.1	8.1
Actividades de apoio para os seus procesos, como sistemas de mantemento ou operacións informáticas, de compra ou de contabilidade	53.8	42.2	4.0
Sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información , coñecementos e competencias dentro da súa empresa	58.2	36.9	4.9
Na organización do traballo e na estrutura de xestión así como na integración de distintos departamentos ou actividades	47.8	43.4	8.8
Nas súas relacións con outras empresas ou institucións públicas por exemplo, mediante alianzas, asociación, externalización ou subcontratación	32.8	58.2	8.9

Base: empresas TIC que introduciron bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa nos últimos tres anos
Fonte: OSIMGA

G.33. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A cooperación das empresas TIC nalgunha das súas actividades de innovación con outras compañías ou entidades acada o 19,2%, con diferenzas significativas en función da actividade principal da empresa. Así, se ben apenas un 8,8% das empresas de telecomunicacións estableceron algún tipo de cooperación neste sentido, o 25,3% das empresas informáticas cooperou con outras compañías nalgunha actividade de innovación.

C.17. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Cooperaron no período 2010-2012 con outras compañías ou entidades	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	20.0	13.9	8.8	25.3	6.3	19.2
Non	80.0	78.5	88.2	67.6	81.0	73.3
Ns / Nc	0.0	7.6	2.9	7.1	12.7	7.5
N	25	79	34	281	63	482

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A cooperación é máis común nas grandes empresas, onde chega ao 48,4%, fronte ao 17,1% de empresas con menos de 10 asalariados/as que cooperaron con outras nalgunha das súas actividades de innovación.

C.18. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Cooperaron no período 2010-2012 con outras compañías ou entidades	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Si	17.1	48.4	19.2
Non	75.3	45.2	73.3
Ns / Nc	7.6	6.5	7.5
N	450	31	481

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Cómpre destacar a cooperación con socios españois (95,7%), en tanto que as relacións con outros países neste sentido segue a ser baixa, sobre todo cos non europeos.

C.19. LOCALIZACIÓN DO PAÍS DO/S SOCIO/S

PAÍS ONDE ESTÁ UBICADO O/S SOCIO/S	TOTAL
España	95.7
Outro país de la UE	10.5
EEUU	3.7
Os demais países	6.8
Ns / nc	2.2

Base: empresas TIC que cooperaron con actividades de innovación con outras compañías ou entidades
Fonte: OSIMGA

II.3. Solicitude de patentes


- ☞ O 7,4% das empresas TIC galegas rexistrou algunha marca no período 2010-2012, e o 4,0% solicitou dereitos de autor, sendo estes os dereitos da propiedade intelectual e industrial máis demandados neste período
- ☞ As empresas manufactureiras TIC e as de actividades informáticas son as que en maior medida rexistran dereitos de propiedade intelectual e industrial

Nos tres últimos anos, as empresas TIC galegas rexistraron maioritariamente marcas e dereitos de autor para protexer as súas innovacións. A solicitude de patentes experimenta un lixeiro retroceso en relación ao trienio anterior, e son os debuxos ou modelos industriais os dereitos de propiedade intelectual menos solicitados.

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Solicitude doutro tipo de dereitos de propiedade intelectual e industrial

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas manufactureiras TIC e as de actividades informáticas son, sen dúbida, as que en maior medida rexistran dereitos de propiedade intelectual e industrial, as primeiras principalmente patentes (12,5%) e debuxos industriais (8,3%), e as segundas marcas (10,0%) e dereitos de autor (5,7%).

C.20. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

OUTROS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Patente	12.5	0.0	2.9	2.5	0.0	2.4
Algún debuxo ou modelo industrial	8.3	1.3	0.0	0.7	1.6	1.5
Algunha marca	0.0	6.3	5.9	10.0	0.0	7.4
Dereitos de autor	0.0	1.3	0.0	5.7	1.6	4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O rexistro de dereitos de propiedade intelectual e industrial está moi relacionado co tamaño da empresa, e así son as empresas de 10 ou máis asalariados/as as que en maior medida solicitan dereitos deste tipo, coa única excepción do rexistro de debuxos ou modelos industriais.

C.21. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS


OUTROS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Patente	1.8	12.5	2.4
Algún debuxo ou modelo industrial	1.6	0.0	1.5
Algunha marca	6.2	22.6	7.4
Dereitos de autor	3.5	9.7	4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II.4. En síntese

- ☞ O 30,5% das empresas TIC desenvolveu actividades relacionadas con I+D+i nos tres últimos anos.
- ☞ Incrementouse un 15,1% a porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades I+D+i.
- ☞ O 71,3% das empresas TIC que levaron a cabo actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables.
- ☞ Un 28,3% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 33,8% incorporou servizos novos ou mellorados durante o período 2010-2012.
- ☞ Os sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utlización ou intercambio de información, coñecementos e competencias dentro da súa empresa en primeiro lugar, e as actividades de apoio para os seus procesos en segundo termo, son as principais innovacións das empresas TIC galegas.
- ☞ Un 19,2% das empresas TIC cooperou con outras empresas en actividades de innovación, maioritariamente con socios españois.
- ☞ O 7,4% das empresas TIC galegas rexistrou algunha marca no período 2010-2012, e o 4,0% solicitou dereitos de autor, sendo estes os dereitos da propiedade intelectual e industrial máis demandados neste período.
- ☞ As empresas manufactureiras TIC e as de actividades informáticas son as que en maior medida rexistran dereitos de propiedade intelectual e industrial.

III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC

- 
- ☞ Evolución positiva da efactura: un 28,1% das empresas TIC emitiu efacturas (4,9 puntos máis que no ano 2010), e un 41,4% recibiuas (11,1 puntos máis que no 2010).
 - ☞ O 33,0% das empresas TIC emprega Cloud Computing
 - ☞ Incremento significativo da banda larga móbil (14,7 puntos respecto ao 2012) pasando do 16,6% ao 31,3%.
 - ☞ O 94,9% das empresas TIC conta con velocidade de conexión a Internet superior a 2 Mbps, 4 puntos máis que no 2012
 - ☞ Tres de cada catro empresas TIC dispón de páxina web, 6,7 puntos máis que no ano 2012.
 - ☞ O 30,6% das empresas TIC galegas con acceso a Internet está presente nas redes sociais, 10,6 puntos máis que no 2012.


III. 1. Equipamento Tecnolóxico

☞ A rede de área local (LAN) e a telefonía móbil para uso empresarial son os equipamentos tecnolóxicos con maior presenza nas empresas TIC galegas. Pola contra, os menos presentes son a Extranet e a Videoconferencia.

G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Equipamentos en TIC

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

O 82,1% das empresas ten instalada unha rede de área local (LAN), e o 76,3% conta cunha rede de área local sen fíos. Tamén a telefonía móbil para uso empresarial (81,0%) e os servidores para bases de datos, aplicacións ou arquivos (71,4%) teñen unha penetración elevada, mentres que outros equipamentos como os sistemas operativos de código libre ou aberto, a Intranet corporativa, acadan porcentaxes por riba do 40%.

C.22. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sistema operativo de código libre-linux	20.0	37.5	18.2	53.7	50.8	46.6
Rede de área local	62.5	86.4	57.6	85.1	84.1	82.1
Rede de área local sen fíos	58.3	78.5	67.6	78.2	77.8	76.3
Servidores para bases de datos	56.0	70.9	48.5	78.2	61.9	71.4
Intranet corporativo	24.0	36.3	20.6	50.9	35.9	42.9
Extranet	12.0	27.5	15.2	35.9	27.0	30.8
Videoconferencia	12.5	35.0	21.2	45.4	20.6	37
Telefonía móbil para uso empresarial	80.0	88.8	84.8	82.2	63.5	81

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Considerando a actividade principal da empresa, obsérvanse diferenzas no equipamento dispoñible, de xeito que a pesar de ser a rede de área local o de maior presenza nas empresas TIC, as empresas de telecomunicacións e as manufactureiras sitúanse sensiblemente baixo o promedio na dispoñibilidade de tal equipamento. Por outra banda, as tecnoloxías menos habituais como a videoconferencia e a Extranet destacan nas empresas de actividades informáticas.

En xeral, son as empresas manufactureiras e as de telecomunicacións as menos equipadas tecnoloxicamente, e as de actividades informáticas e as de outros servizos TIC as que dispoñen dun mellor equipamento TIC.

As empresas de maior tamaño están máis equipadas tecnoloxicamente que as pequenas, destacando a presenza de servidores para bases de datos nas empresas de 10 ou máis asalariados/as, e marcándose especialmente as diferenzas entre unhas e outras na dispoñibilidade de equipamentos polo xeral menos comúns, como a Intranet corporativa, Extranet ou a videoconferencia.

C.23. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Sistema operativo de código libre-linux	45.7	59.4	46.6
Rede de área local	81.1	96.8	82.1
Rede de área local sen fíos	76.0	80.6	76.3
Servidores para bases de datos	69.6	100.0	71.4
Intranet corporativo	40.8	71.9	42.9
Extranet	28.8	58.1	30.8
Videoconferencia	35.1	64.5	37.0
Telefonía móbil para uso empresarial	79.8	96.9	81.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Se atendemos á distribución territorial das empresas observamos que as ubicadas en Lugo dispoñen, en xeral, dun menor equipamento TIC que as que teñen a súa sede nas restantes provincias galegas, sobre todo no que se refire á presenza de telefonía móbil para uso empresarial, Extranet, servidores para bases de datos e Intranet corporativa, equipamento este tamén de escasa presenza nas empresas de Ourense.

C.24. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sistema operativo de código libre-linux	44.6	42.6	46.7	48.6	46.6
Rede de área local	82.4	80.9	84.1	81.6	82.1
Rede de área local sen fíos	73.2	72.3	84.4	78.7	76.3
Servidores para bases de datos	73.5	55.3	70.5	73.6	71.4
Intranet corporativa	44.1	25.5	28.9	47.4	42.9
Extranet	32.2	17.0	28.9	30.6	30.8
Videoconferencia	40.2	34.0	37.8	33.9	37.0
Telefonía móbil para uso empresarial	80.9	68.8	81.8	84.4	81

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

III. 2. Sistemas informáticos


- ☞ Un 28,8% das empresas TIC galegas aposta por sistemas telemáticos remotos que permiten traballar a distancia (teletraballo).
- ☞ As ferramentas informáticas máis estendidas entre as empresas TIC galegas son as relacionadas coa xestión de clientes e provedores (75,9%), a xestión administrativa de vendas e compras (71,0%) e a xestión contable e financeira (69,8%).
- ☞ O 35,6% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado, principalmente con entidades bancarias para o envío de instrucións de pago.
- ☞ O uso da factura electrónica evoluciona positivamente: un 28,1% das empresas TIC emitiu facturas electrónicas en febreiro de 2013 (4,9 puntos máis que no ano 2010), e un 41,4% recibíunas (11,1 puntos máis que no ano 2010).
- ☞ O 27,1% das empresas TIC dispón de ferramentas informáticas ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa empresa. En relación ás ferramentas CRM para xestionar información de clientes, a súa presenza é do 27,7%.
- ☞ O 33,0% das empresas TIC emprega tecnoloxías Cloud Computing, maioritariamente na súa modalidade de Software como Servizo (Saas), tales como Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc.

Un 28,8% das empresas TIC galegas conta con empregados/as que traballan fóra dos seus locais de forma regular (polo menos media xornada semanal), e se conectan aos sistemas de TIC da súa empresa mediante redes telemáticas externas.

G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas TIC con empregados/as que teletraballan

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Por actividades, este acceso a redes telemáticas para teletraballar é maior nas empresas de actividades informáticas (34,9%) e menor nas de telecomunicacións (14,7%) e outros servizos (15,9%).

G.37. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Máis da metade das empresas TIC de 10 ou máis asalariados/as (54,8%) ofrecen a posibilidade de teletraballar, un dato que duplica o obtido polas empresas máis pequenas, e que pon de manifesto a relevancia que ten o tamaño da empresa para este indicador.


G.38. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS/AS
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

A fórmula do teletraballo é menos habitual nas empresas de Lugo (15,2%) que nas situadas no resto de provincias galegas. As de Ourense obteñen o mellor dato (31,8%), seguidas de preto polas empresas de Pontevedra e A Coruña, que acadan porcentaxes moi similares.

G.39. EMPRESAS TIC CON EMPREGADOS/AS QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A PROVINCIA
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Sobre o total de empresas que contan con persoal que teletraballa, a casa é o lugar prioritario de acceso (81,4%). Outras localizacións destacadas son as instalacións de clientes ou empresas asociadas (63,2%) e os hoteis e aeroportos durante as viaxes de negocios (56,8%).

G.40. LUGAR DE ACCESO AO TELETRABALLO

(% empresas TIC que teñen empregados / as que teletraballan)



Fonte: OSIMGA


O 75,9% das empresas TIC galegas utiliza ferramentas informáticas para a xestión de clientes e provedores e o 71,0% para a xestión administrativa de vendas e compras. En valores próximos, sitúase o uso de ferramentas informáticas de xestión contable e financeira (69,8%). As ferramentas de xestión de produción e loxística presentan un uso inferior, con porcentaxes do 40,2% e do 32,0% respectivamente.

Con respecto ao ano anterior, descendeu lixeiramente a implantación de ferramentas informáticas. Isto pode ser debido ao incremento do número de pequenas empresas, xa que no período 2012-2013, aumentaron en 101 as empresas de 1 ou 2 asalariados/as.

G.41. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Emprego de ferramentas informáticas

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Por actividade, son as empresas comerciais TIC as que fan, en xeral, un maior uso de ferramentas informáticas de xestión e as de telecomunicacións as que menos as utilizan.

C.25. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Xestión contable e financeira	64.0	77.2	58.8	70.5	65.6	69.8
Xestión administrativa de vendas e compras	88.0	86.4	69.7	64.4	73.4	71
Xestión de clientes e provedores	80.0	90.0	63.6	72.6	77.8	75.9
Xestión de produción	52.0	38.8	29.4	43.1	29.7	40.2
Xestión de loxística	36.0	60.8	18.2	24.2	37.5	32.4

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Se consideramos o tamaño das empresas TIC polo número de traballadores/as, as de 10 ou máis empregados/as son as que presentan porcentaxes máis elevadas de emprego de ferramentas informáticas para o desenvolvemento da súa xestión. A diferenza máis acusada obsérvase no emprego de ferramentas relacionadas coa xestión contable e financeira.

C.26. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS /AS

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Xestión contable e financeira	68.2	93.5	69.8
Xestión administrativa de vendas e compras	69.8	90.3	71
Xestión de clientes e provedores	74.9	93.5	75.9
Xestión de produción	38.7	62.5	40.2
Xestión de loxística	31.1	45.2	32.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A análise por provincias revela que son as empresas con sede en Ourense as que empregan en maior medida as ferramentas informáticas, e as situadas en Lugo as que menos uso fan delas.


C.27. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Emprego de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Xestión contable e financeira	67.2	61.7	81.8	73.4	69.8
Xestión administrativa de vendas e compras	70.7	61.7	75.0	74.1	71.0
Xestión de clientes e provedores	76.0	66.0	84.4	79.3	75.9
Xestión de produción	40.5	25.5	50.0	42.2	40.2
Xestión de loxística	31.4	23.4	40.9	32.9	32.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA


O 35,6% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado, unha práctica que é máis común nas empresas de actividades informáticas (42,0%), e menos habitual nas manufactureiras TIC (20,0%).

G.42. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS



G.43. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Considerando o número de empregados/as, atopamos unha vez máis diferenzas significativas entre as empresas con 10 ou máis asalariados/as e as de tamaño inferior, de xeito que case 6 de cada 10 empresas TIC de 10 ou máis asalariados/as realizou intercambio automatizado de datos no período proposto, fronte ao 33,9% das empresas de entre 0 e 9 asalariados/as.

G.44. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Por provincias, as empresas con sede na provincia de Pontevedra e as da Coruña son as que realizan intercambio de datos en maior medida.

G.45. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O envío de instrucións de pago a entidades bancarias é, cun 85,6%, a mensaxe automatizada máis intercambiada, experimentando un incremento de 6,2 puntos porcentuais. No extremo oposto, o envío ou recepción de información sobre transportes, envíos ou entregas é o tipo de intercambio menos habitual (67,1%), mais incrementábase tamén en relación ao ano anterior, neste caso en 4,1 puntos.

G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Tipoloxías de intercambio automatizado de datos

(% empresas TIC que intercambiaron automatizadamente datos)



Fonte: OSIMGA

Se temos en conta o tamaño da empresa, atopamos que o envío ou recepción de información sobre produtos e de documentación sobre transporte, envíos ou entregas é máis habitual nas empresas de menos de 10 asalariados/as que nas de maior tamaño. Pola contra, outro tipo de mensaxes automatizadas como o envío de instrucións de pago a entidades bancarias e o intercambio automatizado de información coa Administración Pública son máis comúns nas empresas con 10 ou máis asalariados/as.

C.28. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Envío ou recepción de información sobre produtos	78.4	66.7	77.3
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío, entregas	68.0	57.9	67.1
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	85.6	88.9	85.6
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	71.7	78.9	72.4


Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
 Fonte: OSIMGA

Tanto o envío como a recepción de facturas electrónicas con provedores e clientes evolucionan positivamente. Un 28,1% das empresas TIC galegas emitiu facturas electrónicas en febreiro de 2013, o que supón un incremento de 1,9 puntos porcentuais. É sen embargo a recepción de facturas electrónicas en formato estándar para o seu procesamento automático o que experimenta o incremento maior, situándose en 41,4%, 7,1 puntos por riba da porcentaxe obtida en 2012.

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Envío y recepción de facturas electrónicas

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Considerando os tres últimos anos, tamén en relación ao volume de empresas que emitiron ou recibiron factura electrónica, os indicadores téñense incrementado moi sensiblemente, pasando do 23,2% ao 28,1% no caso da emisión da e-factura, case cinco puntos porcentuais; e do 30,3% ao 41,4%, 11,1 puntos máis, no caso da recepción da factura electrónica.

Se ben o envío de facturas electrónicas é máis frecuente nas empresas de actividades informáticas que no resto (32,7%), na recepción das mesmas destacan as empresas doutros servizos TIC, cunha porcentaxe do 56,3%.

G.48. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A análise da factura electrónica en función do tamaño da empresa revela as maiores diferenzas no que ten que ver coa emisión da mesma, onde as empresas de 10 ou máis asalariados/as se sitúan 13,5 puntos porcentuais por riba das de menor tamaño. Na recepción de facturas electrónicas, non obstante, non parece influir o tamaño da empresa, sendo neste caso as diferenzas pouco significativas.

G.49. ENVÍO E RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

En relación ás principais ferramentas de software para a xestión da empresa (ERP), un 27,1% das empresas TIC galegas dispón delas, dato que mellora notablemente o obtido na edición anterior (4,1 puntos porcentuais máis). Unha mellora menos significativa percíbese considerando as ferramentas informáticas de xestión de clientes (CRM), utilizadas polo 27,7% das empresas TIC.

G.50. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de ferramentas informáticas

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

En función da actividade da empresa, a dispoñibilidade de ambas as dúas ferramentas informáticas é maior nas empresas dedicadas ás actividades informáticas, seguidas polas comerciais TIC. As empresas de telecomunicacións amosan as porcentaxes máis baixas na dispoñibilidade destas ferramentas informáticas.

G.51. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de ERP e CRM é maior nas empresas TIC de 10 ou máis empregados/as que nas de tamaño inferior, de xeito que máis da metade das empresas con 10 ou máis asalariados/as dispón tanto de de ERP coma de CRM. Ambos os dous tipos de software son utilizados, pola súa banda, en unha de cada catro das pequenas empresas.

G.52. DISPOÑIBILIDADE DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As tecnoloxías Cloud preséntanse como unha alternativa destacada aos actuais sistemas implantados, e xa son empregadas polo 33,0% das empresas TIC galegas, destacando neste sentido as empresas adicadas a actividades informáticas, que fan uso de servizos de Cloud Computing no 41,6% dos casos.


G.53. EMPREGO DE SERVIZOS CLOUD COMPUTING



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.54. EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas de entre 0 e 9 asalariados/as sitúanse en torno a media no emprego deste modelo, que é notablemente máis frecuente nas empresas de maior tamaño. Así, a metade de empresas TIC de 10 ou máis asalariados/as declara utilizar servizos Cloud.

G.55. EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Por provincias, o emprego de servizos Cloud é similar nas empresas da Coruña, Lugo e Pontevedra, e tan só Ourense se sitúa por debaixo do promedio.

G.56. EMPREGO DE SERVICIOS CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O software como servizo (Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc.), é sen dúbida o tipo de servizo Cloud máis empregado, e acada unha porcentaxe do 78,3% entre as empresas TIC galegas que empregan Cloud Computing.

G.57. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA

Cabe salientar o maior uso que realizan as empresas adicadas ás actividades informáticas, presentando valores superiores á media en todas as modalidades de servizo Cloud.

C.29. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD EMPREGADO SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Infraestruturas como Servizo (IaaS)	54.5	8.5	16.1	37.7	25.0	32.8
Plataforma como Servizo (PaaS)	45.5	25.5	10.7	41.8	12.5	36.5
Software como Servizo (SaaS)	45.5	76.6	48.6	79.9	100.0	78.3
Outros servizos	0.0	31.9	56.8	31.3	25.0	31.2
N	5	20	8	117	10	159

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud

Fonte: OSIMGA

Resulta salientable que as microempresas que utilizan Cloud Computing superan ás empresas de 10 ou máis asalariados/as nas distintas modalidades de Cloud Computing, agás no uso relativo a Infraestrutura como Servizo (IaaS)

C.30. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	30.3	55.7	32.8
Paltaforma como Servizo (PaaS)	36.6	36.0	36.5
Software como Servizo (SaaS)	78.9	72.7	78.3
Outros servizos	31.4	29.5	31.2
N	144	16	159

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

A localización da sede da empresa non determina un patrón de comportamento das distintas modalidades de Cloud Computing, conforme se observa na seguinte táboa.

C.31. TIPO OU MODALIDADE DE SERVIZO CLOUD SEGUNDO A PROVINCIA

Tipo ou modalidade de servizo Cloud empregado	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Infraestrutura como Servizo (IaaS)	38.0	20.1	14.4	30.7	32.8
Paltaforma como Servizo (PaaS)	45.5	40.2	36.3	24.9	36.5
Software como Servizo (SaaS)	69.2	93.5	89.1	82.4	78.3
Outros servizos	35.4	19.3	0.0	32.3	31.2
N	67	16	11	59	159

Base: empresas TIC que empregan servizos Cloud
Fonte: OSIMGA

III. 3. Internet

III.3.1. Contratación de Internet


- ☞ O 98,6% das empresas TIC galegas dispón de conexión a Internet a través de banda larga.
- ☞ A ADSL, presente no 56,9% das empresas TIC galegas con conexión a Internet, é a tecnoloxía de acceso máis frecuente, aínda que o incremento máis significativo dáse no caso da Banda larga móbil, que sube 14,7 puntos porcentuais respecto ao ano 2012, pasando do 16,6% ao 31,3%.
- ☞ O 94,9% das empresas TIC ten contratada unha velocidade de conexión a Internet superior a 2 Mbps, 4 puntos máis que no ano 2012

Internet consolídase como unha ferramenta fundamental e de uso cotián nas empresas TIC, cunha penetración do 100%.

G.58. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de Internet

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A principal tecnoloxía de acceso a Internet continúa a ser o ADSL (56,9%). Destaca o notable incremento da conexión mediante solucións de banda larga móbil, cunha penetración do 31,3%, o que supón un aumento de 14,7 puntos porcentuais no último ano.

G.59. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Tecnoloxía principal contratada de acceso a Internet

(% empresas TIC que dispoñen de Internet)



Fonte: OSIMGA

Os datos que dan conta da tecnoloxía principal contratada en relación á actividade, amosan que o ADSL está máis presente nas empresas de telecomunicacións (5,9 puntos porcentuais por riba da media), e en menor medida nas manufactureiras TIC, empresas estas nas que o cable ten maior implantación (8,4 puntos sobre a media).

C.32. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Telefónica básica e módem	0.0	1.1	3.1	0.8	2.0	1.1
RDSI	3.5	15.9	20.7	7.9	10.1	10.2
ADSL	52.6	60.3	62.8	55.4	57.5	56.9
CABLE	49.1	38.1	17.7	42.6	44.5	40.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	21.1	28.6	34.1	33.6	27.3	31.3
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	10.5	19.0	15.8	19.6	4.0	16.7
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	14.0	24.9	37.8	29.9	20.1	27.5
Banda larga vía satélite	0.0	1.1	0.0	2.6	4.0	2.2
N	25	80	34	281	63	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Considerando o número de empregados/as, obsérvase que máis de dous terzos das empresas de 10 e máis asalariados/as empregan o ADSL para conectarse a Internet e máis da metade das empresas deste segmento optaron polo cable e/ou banda larga móbil para acceder á Rede.

Resulta salientable a significativa fenda existente entre as microempresas e as empresas de 10 e máis asalariados/as na contratación da banda larga móbil. Mentres que un 51,9% das empresas de 10 e máis asalariados/as usan esta modalidade de acceso a Internet, só un 29,9% das microempresas se conectan a Internet a través de banda larga móbil (22 puntos de diferenza)

C.33. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Telefónica básica e módem	1.2	0.0	1.1
RDSI	9.1	25.8	10.2
ADSL	56.0	68.8	56.9
CABLE	40.0	50.5	40.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	29.9	51.9	31.3
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	16.2	24.2	16.7
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	26.9	37.4	27.5
Banda larga vía satélite	2.3	1.2	2.2
N	450	32	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Cómpre ademais facer mención ás diferenzas en función da provincia onde a empresa teña ubicada a súa sede principal, de xeito que o cable gaña protagonismo entre as empresas da Coruña e Ourense, situándose en valores moi cercanos ao ADSL. No caso da banda larga móbil, destacan as empresas con sede nas provincias da Coruña e Pontevedra


C.34. TECNOLOXÍA PRINCIPAL CONTRATADA DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

Tecnoloxía contratada de acceso a Internet	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Telefónica básica e módem	1.6	2.2	0.0	0.7	1.1
RDSI	10.8	9.2	4.1	11.2	10.2
ADSL	51.8	64.7	49.1	60.1	56.9
CABLE	49.5	30.6	46.1	33.6	40.7
Banda larga móbil UMTS, 3G, 3, 5 GB	32.6	21.4	24.8	33.5	31.3
Fibra óptica ata a empresa (FTTH)	16.3	13.9	16.7	19.2	16.7
Outras conexións de banda larga sen fíos (wimax, wifi,...)	26.5	19.2	27.0	30.3	27.5
Banda larga vía satélite	3.0	0.0	5.2	1.3	2.2
N	204	47	45	173	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

A banda larga, entendendo como tal a conexión a Internet realizada a través de ADSL, cable, banda larga móbil ou outras tecnoloxías de banda larga, consolídase nas empresas TIC galegas. Un 98,6% dispón desta tecnoloxía, dato este que mellora o obtido na anterior edición (96,9% no ano 2012).

G.60. BANDA LARGA NAS EMPRESAS QUE TEÑEN INTERNET



Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet


Fonte: OSIMGA

Nota: Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

No que respecta á velocidade, aumenta a porcentaxe de empresas con acceso a Internet que teñen contratadas velocidades superiores a 2 Mbps (94,9%), 4 puntos máis que no ano 2012, sendo a velocidade de acceso máis frecuente a que vai de 10 Mbps a 30 Mbps (45%).

G.61. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

G.62. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Velocidade de acceso a Internet en Galicia

(% empresas TIC que dispoñen de Internet)



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Se realizamos unha análise por sectores de actividade, obsérvanse diferenzas na velocidade de acceso máis frecuente. Así, nas empresas manufactureiras o rango de velocidade máis frecuentemente contratada é o que vai dos 2 aos 10 Mbps, mentres que no resto o máis habitual é a de 10 a 30 Mbps.

C.35. VELOCIDADE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

Velocidade de acceso a Internet	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Menos de 1 Mbps	0.0	1.3	2.9	0.7	0.0	0.9
De 1 Mbps ata 2 Mbps	0.0	3.8	8.8	3.6	1.6	3.8
De 2 Mbps ata 10 Mbps	50.0	23.8	35.3	19.3	38.1	25.0
De 10 Mbps ata 30 Mbps	29.2	51.3	38.2	46.4	41.3	45.0
De 30 Mbps a 100 Mbps	12.5	13.8	8.8	23.6	17.5	19.7
Máis de 100 Mbps	8.3	2.5	5.9	6.4	1.6	5.2
NS / NC	0.0	3.8	0.0	0.0	0.0	0.5
N	24	80	34	280	63	481

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

Obsérvase que nos tramos de velocidade de conexión a Internet inferiores a 30 Mbps, as porcentaxes que rexistran as microempresas son superiores ás empresas de 10 ou máis asalariados/as. Esta tendencia invírtese nos tramos de velocidade superiores a 30 Mbps.

C.36. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Velocidade de acceso a Internet	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Menos de 1 Mbps	0.9	0.0	0.8
De 1 Mbps ata 2 Mbps	3.8	3.1	3.8
De 2 Mbps ata 10 Mbps	25.3	21.9	25.0
De 10 Mbps ata 30 Mbps	45.5	37.5	45
De 30 Mbps ata 100 Mbps	19.3	25.0	19.7
Máis de 100 Mbps	4.7	12.5	5.2
NS / NC	0.7	0.0	0.5
N	451	32	483

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

A análise por provincias revela que a velocidades de conexión contratada máis frecuente en todas as provincias é a que oscila entre 10 e 30 Mpps. Nas empresas con sede en Pontevedra e A Coruña, o peso das velocidades superiores aos 30 Mbps é maior que nas dúas provincias restantes.

C.37. VELOCIDADE DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA


Velocidade de acceso a Internet	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Menos de 1 Mbps	1.5	2.1	0.0	0.0	0.9
De 1 Mbps ata 2 Mbps	2.0	6.4	7.0	4.0	3.8
De 2 Mbps ata 10 Mbps	25.0	29.8	27.9	23.0	25
De 10 Mbps ata 30 Mbps	43.1	46.8	44.2	47.1	45
De 30 ata 100 Mbps	20.1	12.8	16.3	21.8	19.7
Máis de 100 Mbps	7.4	2.1	4.7	3.4	5.2
NS / NC	1.0	0.0	0.0	0.6	0.5
N	204	47	43	174	480

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Soamente o 4,7% das empresas TIC ten contratada Internet cunha velocidade inferior a 2 Mbps. Os principais motivo de non contratar banda larga por parte das empresas TIC son a inexistencia de cobertura dado o emprazamento da empresa (38,1%), o custo que supón esta tecnoloxía (19,8%) ou a percepción de non ter necesidade (11,7%).

G.63. MOTIVOS DE NON CONTRATACIÓN DE BANDA LARGA

(% empresas TIC que teñen acceso a Internet inferior a 2 Mbps)



Fonte: OSIMGA

III.3.2. Utilización e servizos empregados en Internet


- ☞ O 69,5% das empresas TIC galegas que dispoñen de Internet interactuou coas Administracións Públicas a través da Rede, 2,7 puntos máis que no ano 2012.
Este indicador elévase ao 96,8% no caso das empresas de 10 e máis asalariados/as .
- ☞ Os servizos de Internet empregados por máis de 9 de cada 10 empresas TIC son a procura de información e a utilización de servizos bancarios e financeiros.
- ☞ O 49,7% das empresas TIC galegas utilizou a sinatura dixital, fundamentalmente para relacionarse coas Administracións Públicas. Isto supón un aumento de 4,3 puntos con respecto ao ano 2012.
Este indicador elévase ao 81,3% no caso das empresas de 10 e máis asalariados/as .

O uso da eAdministración está amplamente implantado entre as empresas TIC galegas. Un 69,5% das empresas TIC interactuou con entes públicos a través da Rede, un dato que mellora en 2,7 puntos porcentuais o obtido en 2012.

G.64. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Interacción coas Administracións Públicas

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Atendendo á actividade das empresas, o 76,1% das dedicadas ás actividades informáticas interactuou coas Administracións Públicas a través de Internet, fronte ao 48,0% das manufactureiras TIC.

C.38. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Interacción coas administracións públicas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	48.0	65.0	60.6	76.1	59.4	69.5
Non	52.0	31.3	39.4	21.1	35.9	27.8
NS / NC	0.0	3.8	0.0	2.9	4.7	2.7
N	25	80	33	280	64	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa ten unha importancia relevante neste indicador. O 96,8% das empresas TIC de 10 e máis asalariados/as interactuou coas Administracións Públicas a través de Internet, 29,2 puntos máis que no caso das microempresas.

C.39. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Interacción coas administracións públicas	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados /as	
Sí	67.6	96.8	69.5
Non	29.5	3.2	27.8
NS / NC	2.9	0.0	2.7
N	451	31	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

As empresas con sede en Pontevedra son as que se mostran máis activas na interacción coas Administracións Públicas (75,7%), e as ubicadas en Ourense as que menos (60,0%).

C.40. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Interacción coas administracións públicas	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	68.6	68.1	60.0	75.7	69.5
Non	27.0	29.8	40.0	22.5	27.8
NS / NC	4.4	2.1	0.0	1.7	2.7
N	204	47	45	173	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Os principais motivos de interacción coa Administración por medios telemáticos son a obtención de información (59,3%) e a solicitude de impresos e formularios (56,9%). A Administración Xeral do Estado é o ente público co que máis se relacionan estas empresas para todas as xestións e consultas, agás para a presentación de propostas comerciais a licitación pública, tipo de interacción que se realiza preferentemente a través da Xunta de Galicia.

C.41. INTERACCIÓN A TRAVÉS DE INTERNET COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

TIPO DE INTERACCIÓN	Si (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon Xeral do Estado	Concellos	Ns / nc
Para obter información	59.3	74.8	83.0	39.0	3.5
Para obter impresos e formularios	56.9	68.8	82.7	35.1	2.5
Para devolver impresos cumprimentados	45.3	59.1	82.1	20.3	4.8
Para a xestión electrónica completa	43.7	51.2	80.3	19.7	5.0
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	9.2	52.6	37.5	42.7	20.0


Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Base: empresas TIC que interactuaron coas AAPP
Fonte: OSIMGA

G.65. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Interacción a través de Internet coas Administracións Públicas

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

Entre os principais servizos empregados na Rede destacan a busca de información en xeral (96,3%) e a obtención de servizos bancarios e financeiros (91,9%). As operacións en *marketplaces* e a busca de persoal son opcións minoritarias, con porcentaxes inferiores ao 50%.

C.42. SERVICIOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET

SERVICIOS EMPREGADOS A TRAVÉS DE INTERNET	SI	NON	NS / NC
	Busca de información en xeral	96.3	1.9
Servizos bancarios e financeiros	91.9	6.3	1.8
Servizos de transporte e aloxamento	68.0	30.2	1.8
Formación e aprendizaxe	68.2	30.0	1.8
Para observar o comportamento do mercado	58.1	40.1	1.8
Obtención de servizos post-venda	58.0	40.1	1.8
Busca de persoal	37.2	61.0	1.8
Para facer publicidade da súa empresa	63.7	34.5	1.8
Para operar nalgún marketplace	24.4	73.8	1.8


Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

O 49,7% das empresas TIC galegas utilizou a sinatura dixital nalgunha comunicación con axentes externos, 6,3 puntos máis que no ano anterior. O uso principal da sinatura dixital foi para relacionarse coas Administracións Públicas (94,1%), pero tamén con clientes e/ou provedores (26,4%).

G.66. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Emprego da sinatura dixital


(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

G.67. EMPREGO DE SINATURA DIXITAL

(% empresas TIC que usaron a sinatura dixital)




Fonte: OSIMGA

A sinatura dixital é máis utilizada polas empresas de actividades informáticas (54,3%), seguidas das comerciais TIC (50,6%). As empresas do resto de actividades sitúanse por baixo da media.

G.68. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

Considerando o número de empregados/as cos que contan as empresas TIC galegas, o uso da sinatura dixital é moi habitual nas empresas de máis de 10 ou máis asalariados/as (81,3%) mentres que entre as microempresas que fan uso da sinatura electrónica, esta porcentaxe redúcese ao 47,3%.

G.69. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

Son as empresas de Pontevedra as que en maior medida empregan a sinatura dixital (60,9%), mentres que as de Lugo (44,7%), A Coruña (43,9%) e Ourense (43,2%) se sitúan por baixo da media.

G.70. UTILIZACIÓN DE SINATURA DIXITAL SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA

III. 4. Páxina web


- ☞ Tres de cada catro empresas TIC galegas dispón de páxina web, 6,7 puntos máis que no ano 2012.
- ☞ O motivo principal para non dispoñer de páxina web é o non ter recursos para creala e mantela.
- ☞ O 30,1% das empresas TIC que dispoñen de páxina web cumpren coas normas de accesibilidade.

Tres de cada catro empresas TIC dispón de páxina web, o que supón un incremento de 6,7 puntos porcentuais con respecto ao dato do ano 2012.

G.71. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Dispoñibilidade de páxina web

(% empresas TIC con acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

A falta de recursos para crear e manter a páxina web é na actualidade o motivo que en maior medida xustifica a carencia de páxina, desbancando a existencia doutras prioridades como motivo máis nomeado en anteriores edicións.

G.72. MOTIVACIÓNS DE NON DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB

(% empresas TIC que non teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de páxina web está máis estendida en empresas de actividades informáticas (77,9%) e comerciais TIC (77,5%), e redúcese ata valores inferiores á media nas empresas de telecomunicacións e nas manufactureiras TIC.

C.43. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

Dispoñibilidade de páxina web	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	64.0	77.5	54.5	77.9	73.4	75.1
En construción	0.0	2.5	3.0	5.0	4.7	4.0
Non	36.0	20.0	42.4	17.1	21.9	20.9
N	25	80	33	281	64	483

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

A totalidade das empresa TIC de 10 ou máis empregados/as conta con páxina web, mentres que está dispoñible en case 3 de cada 4 pequenas empresas.

C.44. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Dispoñibilidade de páxina web	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	73.6	100.0	75.1
En construción	4.2	0.0	4.0
Non	22.2	0.0	20.9
N	450	31	481

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

A provincia de ubicación da sede principal da empresa establece asimesmo diferenzas na dispoñibilidade de páxina web, de xeito que as empresas situadas na Coruña sitúanse 5,2 puntos por riba da media, e as de Lugo 13,4 puntos por baixo.

C.45. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

Dispoñibilidade de páxina web	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	80.3	61.7	70.5	74.0	75.1
En construción	3.0	2.1	4.5	5.2	3.4
Non	16.7	36.2	25.0	20.8	20.9
N	203	47	44	173	480


Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

O 30,1% das webs das empresas TIC galegas cumpre as normas de accesibilidade, é dicir, dispón de formatos adaptados para persoas con discapacidade, observándose un descenso con respecto a anos anteriores. Isto pode ser debido a que as empresas que incorporaron a páxina web aínda non realizaron as convintes adaptacións ás normas de accesibilidade.

G.73. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Páxina web con normas de accesibilidade

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

O castelán é o idioma maioritario nas páxinas web das empresas TIC galegas (95,8%). O galego, cunha porcentaxe do 25,4% sitúase como segundo idioma en canto á dispoñibilidade nas páxinas, seguido do inglés, que acada un 18,5%, mantendóse así una situación semellante á do ano 2012.

G.74. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA

(% empresas TIC que teñen páxina web)




Fonte: OSIMGA

G.75. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Idiomas dispoñibles dos contidos da páxina

(% empresas TIC que teñen páxina web)



Fonte: OSIMGA

A existencia de versión en galego da páxina é maior entre as empresas de actividades informáticas e outros servizos TIC. Nas manufactureiras TIC, o inglés despraza ao galego como segundo idioma.

C.46. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Idiomas dispoñibles dos contidos da páxina	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Galego	2.7	21.1	20.2	28.0	28.8	25.4
Castelán	100.0	97.3	97.8	95.8	91.8	95.8
Inglés	13.5	13.6	4.4	21.8	16.3	18.5
Francés	2.7	4.8	0.0	2.6	5.4	3.2
Portugués	0.0	4.1	0.0	4.5	5.4	4.1
Outros	0.0	3.4	0.0	3.5	8.2	3.8
N	16	62	18	219	47	362

Base: empresas TIC que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade dos contidos da páxina en outros idiomas ademais do castelán é maior nas empresas máis grandes, diferenza especialmente evidente no que se refire á versión en inglés, da que dispoñen o 45,7% das empresas de 10 ou máis asalariados/as, fronte ao 15,9% das de menor tamaño.

C.47. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Idiomas dispoñibles dos contidos da páxina	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Galego	24.7	32.7	25.4
Castelán	95.9	95.2	95.8
Inglés	15.9	45.7	18.5
Francés	2.9	6.3	3.2
Portugués	3.4	12.1	4.1
Outros	3.8	3.7	3.8
N	331	31	362

Base: empresas TIC que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

Por provincias, existen diferenzas destacables na dispoñibilidade de versión en inglés da páxina, sendo as empresas con sede principal na Coruña as que en maior medida teñen os contidos dispoñibles neste idioma (20,4%), fronte a un reducido 10,1% de empresas de Ourense. O galego acada a porcentaxe máis elevada nas empresas TIC da provincia de Lugo.

C.48. IDIOMAS DISPOÑIBLES DOS CONTIDOS DA PÁXINA SEGUNDO A PROVINCIA

Idiomas dispoñibles dos contidos da páxina	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Galego	28.2	31.0	26.9	22.3	25.4
Castelán	94.5	95.6	100.0	96.2	95.8
Inglés	20.4	12.6	10.1	17.8	18.5
Francés	2.9	4.4	0.0	2.5	3.2
Portugués	5.5	1.5	1.3	3.1	4.1
Outros	4.1	4.4	0.0	2.5	3.8
N	163	29	31	128	362


Base: empresas TIC que teñen páxina web
Fonte: OSIMGA

III. 5. Redes sociais

- ☞ O 30,6% das empresas TIC galegas con acceso a Internet está presente nas redes sociais, 10,6 puntos máis que no ano 2012.
- ☞ A finalidade principal de uso das redes sociais é realizar accións de marketing.
- ☞ O 13,3% das empresas que non teñen presenza activa nas redes sociais ten previsto incorporarse a elas proximamente.

O uso das redes sociais é unha realidade que acada xa unha penetración do 30,6% nas empresas TIC, incrementando notablemente a súa utilización cun aumento de 10,6 puntos no último ano.

G.76. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS




Base: empresas TIC con acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

G.77. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Presenza activa nas redes sociais

(% empresas TIC con acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

Nota: Indicador incluído, por primeira vez, na edición do ano 2012.

A finalidade principal para ter presenza nas redes sociais é realizar accións de marketing aínda que tamén se empregan amplamente para captar novos clientes e comunicarse e coñecer as opinións dos clientes habituais.

G.78. FINALIDADE DE USO DAS REDES SOCIAIS

(% empresas TIC que teñen unha presenza nas redes sociais)



Fonte: OSIMGA

As empresas dedicadas a actividades comerciais son as que en maior medida fan uso das redes sociais (36,3%), mentres que as manufactureiras TIC son as que teñen menos presenza nelas (12,0%).

C.49. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Presenza nas redes sociais	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	12.0	36.3	21.2	35.6	14.3	30.5
Non	88.0	60.0	78.8	59.8	76.2	64.7
Ns / nc	0.0	3.8	0.0	4.6	9.5	4.8
N	25	80	33	281	63	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Tal e como acontecía con outros indicadores desta enquisa, a presenza activa nas redes sociais é maior nas empresas de maior tamaño, e acada o 62,5% das empresas con 10 e máis asalariados/as, 34,3 puntos por riba do valor que se rexistran nas microempresas (28,2%).

C.50. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Presenza nas redes sociais	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	28.2	62.5	30.5
Non	66.9	34.4	64.7
Ns / nc	4.9	3.1	4.8
N	450	32	482

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

Por provincias, as empresas de Ourense son as máis activas nas redes sociais (34,1%), e as de Lugo as que menos participan (25,5%).


C.51. PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS SEGUNDO A PROVINCIA

Presenza nas redes sociais	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	29.1	25.5	34.1	33.3	30.8
Non	63.1	74.5	63.6	64.9	64.7
Ns / nc	7.9	0.0	2.3	1.7	4.8
N	203	47	44	174	481

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet
 Fonte: OSIMGA

De entre as empresas TIC que aínda non están presentes nas redes sociais, 3 de cada 4 non ten prevista unha incorporación futura, e tan só un 13,3% afirma que si o fará. Se ben o dato referido a próximas incorporacións a estas estruturas é aínda baixo, é interesante destacar que case duplica o obtido na edición anterior (7,6%), co que parece que medra o interese das empresas TIC polas redes sociais e polas posibilidades que estas ofrecen.

G.79. PREVISIÓN DE INCORPORARSE AS REDES SOCIAIS



Base: empresas TIC con acceso a Internet que non teñen presenza nas redes sociais
 Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas a actividades informáticas son as que máis barallan a posibilidade de incorporarse ás redes sociais. Asimesmo, son as empresas de 10 ou máis asalariados/as as que máis teñen en conta a posibilidade de comezar a estar presentes nas redes sociais.

C.52. PREVISIÓN DE INCORPORARSE AS REDES SOCIAIS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Previsión de incorporarse	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sí	0.0	10.6	7.7	16.9	10.0	13.3
Non	95.2	78.7	80.8	71.5	74.0	74.7
Ns / nc	4.8	10.6	11.5	11.6	16.0	12,0
N	21	47	26	172	50	316

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet que non teñen presenza nas redes sociais
 Fonte: OSIMGA

C.53. PREVISIÓN DE INCORPORARSE AS REDES SOCIAIS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Previsión de incorporarse	Nº DE EMPREGADOS / AS		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Sí	13.0	18.2	13.3
Non	75.6	54.5	74.7
Ns / nc	11.4	27.3	12
N	307	11	318

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet que non teñen presenza nas redes sociais
 Fonte: OSIMGA

Se atendemos á provincia, as empresas de Lugo son as que se mostran máis proclives a incorporarse ás redes sociais, tratando de recuperar posicións neste indicador.

C.54. PREVISIÓN DE INCORPORARSE AS REDES SOCIAIS SEGUNDO A PROVINCIA

Previsión de incorporarse	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sí	14.4	17.1	10.3	11.5	13.3
Non	72.7	77.1	69.0	78.8	74.7
Ns / nc	12.9	5.7	20.7	9.7	12,0
N	132	35	29	113	317

Base: empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet que non teñen presenza nas redes sociais
 Fonte: OSIMGA

III.6. En síntese

- ☞ A rede de área local (LAN) e a telefonía móbil para uso empresarial son os equipamentos tecnolóxicos con maior presenza nas empresas TIC galegas. Pola contra, os menos presentes son a Extranet e a Videoconferencia.
- ☞ Un 28,8% das empresas TIC galegas aposta por sistemas telemáticos remotos que permiten traballar a distancia (teletraballo).
- ☞ As ferramentas informáticas máis estendidas entre as empresas TIC galegas son as relacionadas coa xestión de clientes e provedores (75,9%), a xestión administrativa de vendas e compras (71,0%) e a xestión contable e financeira (69,8%).
- ☞ O 35,6% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado, principalmente con entidades bancarias para o envío de instrucións de pago.
- ☞ O uso da factura electrónica evoluciona positivamente: un 28,1% das empresas TIC emitiron facturas electrónicas en febreiro de 2013 (4,9 puntos máis que no ano 2010), e un 41,4% as recibunas (11,1 puntos máis que no ano 2010).
- ☞ O 27,1% das empresas TIC dispón de ferramentas informáticas ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa empresa. En relación ás ferramentas CRM para xestionar información de clientes, a súa presenza é do 27,7%.
- ☞ O 33,0% das empresas TIC emprega tecnoloxías Cloud Computing, maioritariamente na súa modalidade de Software como Servizo (Saas), tales como Google Apps Bussiness, Office 365, Salesforce.com, Dropbox, etc.
- ☞ O 98,6% das empresas TIC galegas dispón de conexión a Internet a través de banda larga.

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

- ☞ A ADSL, presente no 56,9% das empresas TIC galegas con conexión a Internet, é a tecnoloxía de acceso máis frecuente, aínda que o incremento máis significativo dáse no caso da Banda larga móbil, que sube 14,7 puntos porcentuais respecto ao ano 2012, pasando do 16,6% ao 31,3%.
- ☞ O 94,9% das empresas TIC ten contratada unha velocidade de conexión a Internet superior a 2 Mbps, 4 puntos máis que no ano 2012
- ☞ O 69,5% das empresas TIC galegas que dispoñen de Internet interactuou coas Administracións Públicas a través da Rede, 2,7 puntos máis que no ano 2012. Este indicador elévase ao 96,8% no caso das empresas de 10 e máis asalariados/as .
- ☞ Os servizos de Internet empregados por máis de 9 de cada 10 empresas TIC son a procura de información e a utilización de servizos bancarios e financeiros.
- ☞ O 49,7% das empresas TIC galegas utilizou a sinatura dixital, fundamentalmente para relacionarse coas Administracións Públicas. Isto supón un aumento de 6,3 puntos con respecto ao ano 2012. Este indicador elévase ao 81,3% no caso das empresas de 10 e máis asalariados/as.
- ☞ Tres de cada catro empresas TIC galegas dispón de páxina web, 6,7 puntos máis que no ano 2012.
- ☞ O motivo principal para non dispoñer de páxina web é o non ter recursos para creala e mantela.
- ☞ O 30,1% das empresas TIC que dispoñen de páxina web cumpren coas normas de accesibilidade.
- ☞ O 30,6% das empresas TIC galegas con acceso a Internet está presente nas redes sociais, 10,6 puntos máis que no ano 2012.

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

- 👉 A finalidade principal de uso das redes sociais é realizar accións de marketing.
- 👉 O 13,3% das empresas que non teñen presenza activa nas redes sociais ten previsto incorporarse a elas proximamente.

IV. COMERCIO ELECTRÓNICO



👉 O 73,5% das empresas TIC galegas realizou compras mediante o comercio electrónico e o 24,9% realizou vendas a través de Internet durante o ano 2012.


IV. 1. Compras

- ☞ A porcentaxe das empresas TIC galegas que compraron a través do comercio electrónico aumentou 3,2 puntos porcentuais no período 2011 - 2012, e acada unha porcentaxe do 73,5%.
- ☞ Os sectores adicados a actividades comerciais TIC e informáticas son os que empregan o comercio electrónico en maior medida.
- ☞ O valor das compras a través de Internet das empresas TIC galegas que mercan produtos na Rede representa o 41,8% sobre o total de compras destas empresas.

G.80. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2012

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Un 73,5% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2012, 3,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

Hai unha grande diferenza, en termos de comercio electrónico, en función da actividade principal que desenvolvan, atopándose as comerciais TIC e as adicadas a actividades informáticas á vangarda neste tema. No extremo oposto atópanse as manufactureiras TIC (52,0%).

G.81. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Se temos en conta o tamaño da empresa, as diferenzas atopadas son menos acusadas, se ben, as empresas de 10 ou máis asalariados/as fan un maior uso desta opción de compra.

G.82. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Por provincias, só as empresas situadas Ourense (77,3%) e Pontevedra (76,5%) amosan valores superiores á media, mentres que as que teñen a sede en Lugo son as que menos utilizan a Rede para facer compras (68,1%).

G.83. COMPRAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Practicamente a metade de empresas que non realizan pedidos electrónicos declara preferir a relación tradicional co provedor (49,4%), e un 43,6% afirma non ter necesidade de facelo. Outros motivos como a preocupación pola seguridade ou pola privacidade son mencionados en menor medida (14,1% e 11,9%, respectivamente).

G.84. MOTIVOS PARA NON REALIZAR COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO. ANO 2012

(% empresas TIC que non realizaron compras a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

O valor das compras a través de Internet representa o 41,8% sobre o total das compras das empresas TIC galegas que mercan produtos na Rede. O desglose en porcentaxe do importe das compras a través do comercio electrónico realizadas durante o 2012 por área xeográfica revela que máis da metade (58,6%) corresponden ao resto de España, un 20,9% a Galicia, un 11,7% ao resto da Unión Europea e apenas un 8,6% ao resto do mundo.

Peso das compras electrónicas sobre o total de compras das empresas TIC que mercan por Internet:
41,8%



C.55. DESGLOSE DE COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO


% de importe das compras realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
20.9	58.6	11.7	8.6

Base: empresas TIC que realizaron compras a través do comercio electrónico durante o ano 2012
Fonte: OSIMGA

IV. 2. Vendas

- ☞ O 24,9% das empresas TIC galegas realizou vendas a través de Internet no ano 2012, na maioría dos casos co fin de captar nova clientela (55,1%) ou expandirse xeograficamente no mercado (45,7%).
- ☞ As empresas TIC venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (55,2% das vendas electrónicas) e no resto de España (39,8%).
- ☞ As vendas a través de Internet representan o 35,3% sobre o volume de negocio das empresas TIC que venden a través da Rede.
- ☞ Máis da metade das empresas que non venden en Internet (53,5%) sinalan como motivo que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda a través da Rede.

G.85. VENDAS DE BENS OU SERVIZOS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2012




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.86. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que venderon a través de Internet no último ano

(%empresas TIC)




Fonte: OSIMGA - INE

Unha de cada catro empresas TIC galegas vendeu bens ou servizos a través do comercio electrónico durante o ano 2012, manténdose en valores semellantes ás edicións anteriores.

En canto aos motivos polos que non utilizan esta canle para realizar vendas, as empresas TIC galegas que non venden a través de Internet sinalan, en primeiro lugar, que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda electrónica (53,2%), seguida da existencia doutras prioridades (20,0%) e do custo de desenvolvemento e mantemento da plataforma tecnolóxica (15,1%). As restantes xustificacións teñen escasa relevancia.

G.87. MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2012

(% empresas TIC que non venderon a través do comercio electrónico)




Fonte: OSIMGA

Por outra banda, os motivos que xustifican a utilización da venda a través de Internet teñen unha distribución similar. A captación de nova clientela é o principal motivo para vender a través da Rede (55,1%), seguido da expansión xeográfica do mercado (45,7%) e o lanzamento de novos produtos ou servizos (41,6%). Catro de cada dez empresas TIC que recibe pedidos a través do comercio electrónico sinala tamén a prestación de servizos persoalizados (40,3%), a redución dos custos do negocio (39,5%), ou a mellora da calidade do servizo (38,9%) e da imaxe da empresa (38,1%).

G.88. MOTIVOS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2012

(% empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico)



Fonte: OSIMGA

Para as empresas TIC que venderon a través da Rede, o peso das vendas a través desta canle representa o 35,3% sobre o volume de negocio da empresa. A táboa seguinte presenta o desglose do importe das vendas a través do comercio electrónico realizadas en 2012 por área xeográfica. Á vista dos datos, podemos afirmar que as empresas TIC galegas venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (55,2%) e no resto de España (39,8%). As vendas electrónicas ao resto da Unión Europea e ao resto do mundo son aínda minoritarias, con porcentaxes do 1,4% e o 3,6% respectivamente.

Peso das vendas a través do comercio electrónico sobre o volume de negocio da empresa:
35,3%

Base: empresas TIC que venden por Internet



C.56. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO AREA XEOGRÁFICA

% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
55.2	39,8	1.4	3.6

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico no ano 2012
Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

O desglose por tipo de cliente indica que as principais receptoras das vendas electrónicas das empresas TIC son outras empresas (69,7%). Pola súa parte, a porcentaxe de vendas a consumidores finais foi do 25,1%, mentres que as vendas con destino ás Administracións Públicas aglutinaron a porcentaxe restante (5,3%).

C.57. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO TIPO DE CLIENTE


% de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico		
Outras empresas	Administración Pública	Fogares
69.7	5.3	25.1

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico durante o ano 2012
Fonte: OSIMGA

IV.3. En síntese

- ☞ A porcentaxe das empresas TIC galegas que compraron a través do comercio electrónico aumentou 3,2 puntos porcentuais no período 2011 - 2012, e acada unha porcentaxe do 73,5%.
- ☞ Os sectores adicados a actividades comerciais TIC e informáticas son os que empregan o comercio electrónico en maior medida.
- ☞ O valor das compras a través de Internet das empresas TIC galegas que mercan produtos na Rede representa o 41,8% sobre o total de compras destas empresas.
- ☞ O 24,9% das empresas TIC galegas realizou vendas a través de Internet no ano 2012, na maioría dos casos co fin de captar nova clientela (55,1%) ou expandirse xeograficamente no mercado (45,7%).
- ☞ As empresas TIC venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (55,2% das vendas electrónicas) e no resto de España (39,8%).
- ☞ As vendas a través de Internet representan o 35,3% sobre o volume de negocio das empresas TIC que venden a través da Rede.
- ☞ Máis da metade das empresas que non venden en Internet (53,5%) sinalan como motivo que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda a través da Rede.

V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA DESENVOLVEMENTO TIC



- ☞ O 38,6% das empresas TIC galegas desenvolveu accións formativas en TIC no ano 2012.
- ☞ O 43,6% das empresas TIC emprega o E-learning como técnica de formación.
- ☞ As principais áreas de interese en formación TIC son: seguridade informática e protección de datos, tecnoloxías Cloud e administración de sistemas operativos.


V. 1. Formación

- ☞ O 38,6% das empresas TIC galegas levou a cabo accións formativas en TIC no ano 2012.
- ☞ O 43,6% das empresas TIC galegas emprega o E-learning como técnica de formación.
- ☞ Incrementábase a porcentaxe de empresas que amosan interese en facilitar formación TIC aos seus empregados/as nun futuro (57,7%).
- ☞ As principais áreas de interese en formación TIC son: seguridade informática e protección de datos (47,4%), tecnoloxías Cloud (44,5%) e administración de sistemas operativos (41,4%).

O 38,6% das empresas TIC galegas facilitou aos seus traballadores/as algún tipo de formación en TIC durante o ano 2012. Se atendemos á actividade da empresa, destacan unha vez máis as empresas informáticas, que ofertan formación deste tipo aos seus empregados/as en maior medida que o resto (43,9%), porcentaxe que se reduce ata o 24% nas empresas manufactureiras TIC.


G.89. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Formación en TIC dos traballadores / as da
empresa no último ano en Galicia

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


G.90. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Se considerarmos o tamaño das empresas TIC en función do número de empregados/as, observamos diferenzas moi acusadas, sendo maior a frecuencia de procesos de formación en TIC nas empresas de 10 ou máis asalariados/as: 3 de cada 4 ofrece este tipo de formación, un dato que se reduce ata o 36% nas empresas de menor tamaño.

G.91. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS
(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Atendendo á distribución territorial das empresas TIC en función da provincia na que teñen a súa sede, cómpre mencionar que as maiores porcentaxes de empresas TIC que no ano 2012 ofertaron formación aos seus empregados/as son as ubicadas en Pontevedra (41,4%), mentres que aquelas que teñen a súa base de operacións en Lugo, son as que ofreceron formación aos seus empregados/as en menor medida (27,7%).

G. 92. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Un 68,9% dos traballadores e traballadoras das empresas TIC galegas recibiron formación en tecnoloxías no ano 2012.

C.58. DESGLOSE DE FORMACIÓN RECIBIDA

% de traballadores/as que recibiron formación en TIC

% de traballadores/as da empresa que recibiron formación TIC

68.9

Base: empresas TIC que facilitaron formación TIC no ano 2012


Fonte: OSIMGA

Un 43,6% de empresas TIC galegas emprega ferramentas informáticas e electrónicas para a formación (*e-learning*), unha porcentaxe que é maior nas empresas de actividades informáticas e nas comerciais TIC. Pola contra, tan só 1 de cada 4 empresas de telecomunicacións e manufactureiras TIC fai uso desta técnica formativa.

G.93. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Emprego de E-learning como técnica de formación en Galicia


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

G.94. EMPREGO DE E-LEARNING COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Así mesmo, o emprego do *e-learning* como ferramenta formativa é maior nas empresas de 10 ou máis asalariados/as, onde acada o 74,2%.

G.95. EMPREGO DE E-LEARNING COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O interese por facilitar formación TIC aumenta entre as empresas galegas deste sector, de xeito que un 57,7% reconece tal interese de cara ao futuro. Delas, un 18,0% prevé facelo no próximo ano, e o restante 39,7%, pese a estar dispostas a facilitar a devandita formación, non saben estimar en que prazo o farán.

G.96. INTERESE EN FACILITAR FORMACION EN TIC AOS / AS TRABALLADORES / AS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A seguridade informática e protección de datos (47,4%) situáse en primeiro lugar en canto a áreas de formación en TIC de maior interese, seguida moi de cerca polas tecnoloxías Cloud e Modelos de negocio baseados en Cloud (44,5%) e a administración de sistemas e sistemas operativos (41,4%).

G.97. AREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)




Fonte: OSIMGA

V. 2. Axudas para o desenvolvemento TIC

- ☞ O 9,5% das empresas TIC galegas recibiu axudas para a incorporación das TIC nos tres últimos anos, sendo a finalidade principal destas o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos.
- ☞ O 79,2% das empresas TIC galegas que percibiron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración local ou Autonómica e un 37,2% da Administración do Estado.

O 9,5% das empresas TIC galegas recibiron algunha axuda en relación coa incorporación das TIC nos últimos tres anos, coas finalidades principais de desenvolver novas aplicacións, produtos ou servizos (67,1%) e realizar actividades de innovación (53,1%). O destino menos frecuente das axudas é a formación técnica e promoción do sector TIC (15,2%).

G.98. RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR TIC NOS ÚLTIMOS TRES ANOS



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.59. FINALIDADE DA RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR AS TIC

FINALIDADE DAS AXUDAS	SI	NON	NS / NC
Para a implantación ou mellora da infraestrutura interna da empresa	36.7	59.9	3.5
Para a implantación de aplicacións informáticas a medida na empresa	23.8	72.7	3.5
Para a implantación de certificacións de modelos de xestión	29.4	67.1	3.5
Para o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos	67.1	29.5	3.5
Para realizar actividades de innovación	53.1	43.4	3.5
Para a contratación de persoal TIC	24.6	72.0	3.5
Para a formación técnica e promoción do sector TIC (Asistencia a foros ou cursos especializados,...)	15.2	81.3	3.5

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos
 Fonte: OSIMGA

A Administración local ou autonómica é a Administración que, en maior medida, ofrece axudas en relación coa incorporación das TIC. O 79,2% das empresas TIC galegas que percibiron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración local ou Autonómica e un 37,2% da Administración do Estado

C.60. ADMINISTRACIÓN QUE PROPORCIONA AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

ADMINISTRACIÓN QUE PROPORCIONOU AXUDAS	SI	NON	NS / NC
Administración local ou autonómica	79.2	14.6	6.2
Administración do Estado	37.2	50.7	12.2
A Unión Europea	25.4	59.9	14.7

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos
 Fonte: OSIMGA

V. 3. En síntese

- ☞ O 38,6% das empresas TIC galegas levou a cabo accións formativas en TIC no ano 2012.
- ☞ O 43,6% das empresas TIC galegas emprega o E-learning como técnica de formación.
- ☞ Incrementábase a porcentaxe de empresas que amosan interese en facilitar formación TIC aos seus empregados/as nun futuro (57,7%).
- ☞ As principais áreas de interese en formación TIC son: seguridade informática e protección de datos (47,4%), tecnoloxías Cloud (44,5%) e administración de sistemas operativos (41,4%).
- ☞ O 9,5% das empresas TIC galegas recibiu axudas para a incorporación das TIC nos tres últimos anos, sendo a finalidade principal destas o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos.
- ☞ O 79,2% das empresas TIC galegas que percibiron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración local ou Autonómica e un 37,2% da Administración do Estado.

VI. PERCEPCIÓN ACTUAL E PROSPECTIVA DE MERCADO




- Un 40,3% das empresas TIC galegas define o seu momento empresarial actual como de consolidación.
- Tres de cada dez prevé estabilidade no sector de cara aos próximos tres anos.

VI. 1. Situación actual

- ☞ Un 40,3% das empresas TIC galegas define o seu momento empresarial actual como de consolidación, con diferenzas significativas en función da actividade principal da empresa.
- ☞ A a caracterización do momento empresarial actual como de expansión é moi superior nas empresas de 10 ou máis asalariados/as, que se sitúan máis de 30 puntos porcentuais por riba das empresas de menor tamaño.

Un 40,3% das empresas TIC galegas perciben atoparse nun momento de consolidación, un 23,1% en situación de reconversión ou reorientación e un 13,5% en fase de expansión. A porcentaxe de empresas TIC que califican o seu momento actual de inicial é dun 3,6%, e un 7,0% afirma atoparse en fase de liquidación.

G.99. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

A análise da percepción da situación da empresa por actividade amosa diferenzas importantes neste sentido. Así, un 47,5% de empresas comerciais TIC define o seu momento actual como de consolidación, fronte a un 32,8% das empresas doutros servizos TIC, que perciben atoparse en fase de recuperación ou de liquidación en maior medida que o resto. A etapa de expansión, pola súa banda, correspóndese principalmente coas empresas de actividades informáticas.

C.61. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO A ACTIVIDADE

Percepción da situación da empresa	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Inicial	0.0	1.3	9.1	3.5	4.7	3.6
Consolidación	40.0	47.5	39.4	40.1	32.8	40.3
Expansión	4.0	10.0	9.1	16.7	10.9	13.5
Reconversión reorientación	20.0	23.8	12.1	23.0	29.7	23.1
Liquidación	8.0	3.8	9.1	6.7	12.5	7
NS/NC	28.0	13.8	21.2	9.9	9.4	12.4
N	25	80	33	282	64	484

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, a caracterización do momento empresarial actual como de expansión é moi superior nas empresas de 10 ou máis asalariados/as, que se sitúan máis de 30 puntos porcentuais por riba das empresas de menor tamaño, triplicando o valor promedio. O resto de percepcións (inicial, consolidación, reconversión e liquidación) son máis comúns nas empresas de entre 0 e 9 empregados/as.

C.62. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

Percepción da situación da empresa	Nº DE EMPREGADOS /AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Inicial	3.8	0.0	3.6
Consolidación	41.0	32.3	40.3
Expansión	11.5	41.9	13.5
Reconversión reorientación	23.7	12.9	23.1
Liquidación	7.5	0.0	7
NS/NC	12.4	12.9	12.4
N	451	31	482

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo á provincia de localización da empresa, Lugo presenta unha maior porcentaxe de empresas TIC nas fases inicial e de liquidación que o resto (8,3% e 10,4%, respectivamente), así como o dato máis baixo na etapa de expansión (6,3%). As empresas de Pontevedra destacan pola alta porcentaxe na fase de consolidación, 5,1 puntos porcentuais por riba da media.

C.63. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO A PROVINCIA

Percepción da situación da empresa	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Inicial	2.5	8.3	4.5	3.4	3.6
Consolidación	35.8	41.7	36.4	45.4	40.3
Expansión	13.2	6.3	13.6	14.9	13.3
Reconversión reorientación	26.5	22.9	25.0	20.1	23.1
Liquidación	6.9	10.4	9.1	6.3	7
NS/NC	15.2	10.4	11.4	9.8	12.4
N	204	48	44	174	482


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

VI. 2. Perspectiva futuras

- ☞ O 29,4% das empresas TIC consideran que a evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos será estable e un 16,5% opina que será expansiva.

A dificultade da conxuntura económica actual probablemente determine que un 33,3% das empresas TIC galegas estime unha evolución recesiva do seu sector. Un 29,4% confía na estabilidade de cara aos próximos tres anos, mentres que as visións máis optimistas redúcense ao 16,5%.

G.100. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade principal da empresa, as previsións máis esperanzadoras cara ao sector son as das empresas dedicadas a actividades informáticas e as das comerciais TIC, que nun 19,3% e nun 18,8% dos casos, respectivamente, opinan que a evolución será de tendencia expansiva. No extremo oposto, o 37,5% das manufactureiras TIC prevén unha tendencia recesiva.

C.64. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Recesiva	50.0	37.5	15.2	33.6	30.2	33.3
Estable	12.5	23.8	33.3	30.0	38.1	29.4
Expansiva	0.0	18.8	12.1	19.3	9.5	16.5
NS/NC	37.5	20.0	39.4	17.1	22.2	20.8
N	24	80	33	280	63	480

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo ao tamaño, as empresas de 10 ou máis asalariados/as prevén maioritariamente estabilidade cara aos tres próximos anos, mentres que nas empresas máis pequenas predominan as visións máis negativas.

C.65. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados / as	De 10 ou máis asalariados / as	
Recesiva	34.4	15.6	33.3
Estable	28.2	43.8	29.4
Expansiva	16.2	21.9	16.5
NS/NC	21.3	18.8	20.8
N	451	32	483

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A provincia de localización das empresas sitúa nas empresas con sede principal en Pontevedra as previsións máis optimistas para o sector TIC, e as máis pesimistas nas ubicadas na Coruña e Ourense.

C.66. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A PROVINCIA

Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos	PROVINCIA (%)				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Recesiva	36.6	25.5	35.6	30.1	33.3
Estable	25.4	36.2	31.1	31.8	29.4
Expansiva	16.6	12.8	11.1	19.7	16.5
NS/NC	21.5	25.5	22.2	18.5	20.8
N	205	47	45	173	483

Base: empresas TIC
 Fonte: OSIMGA

VI.3. En síntese

- ☞ Un 40,3% das empresas TIC galegas define o seu momento empresarial actual como de consolidación, con diferenzas significativas en función da actividade principal da empresa.
- ☞ A a caracterización do momento empresarial actual como de expansión é moi superior nas empresas de 10 ou máis asalariados/as, que se sitúan máis de 30 puntos porcentuais por riba das empresas de menor tamaño.
- ☞ O 29,4% das empresas TIC consideran que a evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos será estable e o 16,5% opina que será expansiva.

ANEXO I: AGRUPACIÓN CNAES DO SECTOR TIC

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Oficina europea de estatística (Eurostat), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

A partir do ano 2009, os indicadores sobre a Sociedade da Información de Galicia nas empresas TIC baséanse nesta definición establecida en termos da ISIC Rev.4, NACE Rev.2 e CNAE-2009. Na seguinte táboa relaciónanse o listado de actividades que conforman o sector TIC.

Definición do sector TIC POSTERIOR AO 1 DE XANEIRO DE 2009

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC		
2610	26.11	Fabricación de compoñentes electrónicas
	26.12	Fabricación de placas electrónicas cargadas
2620	26.20	Fabricación de ordenadores e equipo periférico
2630	26.30	Fabricación de equipos de comunicacións
2640	26.40	Fabricación de aparatos de consumo electrónico
2680	26.80	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

INDUSTRIAS DE SERVICIOS TIC		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
6110	61.10	Actividades de telecomunicacións por cable
6120	61.20	Actividades de telecomunicacións sen fíos
6130	61.30	Actividades de telecomunicacións por satélite
6190	61.90	Outras actividades de telecomunicación
ACTIVIDADES DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES RELACIONADAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (<i>hosting</i>) e actividades relacionadas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS DE COMUNICACIÓN		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos de comunicación

Diagnóstico 2013. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

